



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/48	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de novembro de 2018
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:
«por baixa de enfermidade.»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 29 de outubro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 29 de outubro de 2018.

Expediente 5280/2018. Informe da Policía Local referente a solicitude de denegación de paraventos na Avda. Félix Ozámiz

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de C.V.D., na que solicita se denegue a instalación do paravento do local "El Pilar", sito en rúa Félix Ozámiz.

Visto, así mesmo, o informe emitido pola Policía Local en data 26.10.2018, que é como segue:

"A Xefatura da Policía Local con relación a solicitude de C.V.D., na que solicita se denegue a instalación do paravento do local 'El Pilar' sito na rúa Félix Ozámiz. Infórmase que se trata dunha rúa peonil polo que a visibilidade é ao noso xuízo suficiente, así como, a marxe de maniobra para saír do garaxe".

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude da Sra. V.D., de conformidade co informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

Expediente 3482/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3482/2018.- Outorgar a A.B.I. e C.B.I., titulares do DNI nº X e nº X, respectivamente, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Tomás Alonso, nº X-Vigo, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola Ordenanza do PEPRI, reformar 156,08 m2., de planta baixa, 153,56 m2., de primeiro andar e ampliar 153,56 m2., de segundo andar, 135,55 m2., de baixo cuberta e 10,75

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



m2., de terrazas e escaleiras de vivenda sita en rúa Fonte do Galo, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto J.L.D.G. de data xuño de 2018 e documentación complementaria de data outubro de 2018.

A licenza outórgase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado, oficios co nomeamento do director de obras e de execución destas e a formalizar perante Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a douscentos sesenta e nove mil cincocentos oitenta e cinco euros con noventa e sete céntimos (269.585,97 €).

Expediente 5161/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5161/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETADIOS EDIFICIO GALICIA, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Reboredo, nº X-Cangas, para reparación de fachada de edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 18 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dez mil oitocentos tres euros (10.803,00 €).

Expediente 5292/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5292/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.G.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Faixa, nº X-Cangas, para revestimento de fachada de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 25 de outubro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a tres mil trescentos euros (3.300,00 €).

Expediente 5103/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5103/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "BASALNORM SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Estrada do Viso, nº X-O Hío, para reformas interiores de local sito en rúa Santa Baia, nº X-Cangas



Concello de Cangas

(referencia catastral 8093001NG1789S0001UP), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 16 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dezaioito mil cincocentos oitenta e sete euros (18.587,00 €).

Expediente 5172/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 5172/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.G.R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lúa, nº X-Cangas, para cambio de tella en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto R.O.S. de data 19 de outubro e 26 de outubro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a mil novecentos vinte euros (1.920,00 €).

Expediente 5200/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5200/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.M.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Cunchido de Arriba-As Barreiras, nº X-Darbo, para limpeza e formigonado de cuneta de vial sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a douscentos sesenta e un euros con cincuenta e dous céntimos (261,52 €).

Expediente 576/2017. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade urbanística nº 40/2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 576/2017-40/2016, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 19 de setembro do 2018, de JUELMAR, SL, con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 576/2017-40/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a "JUELMAR SL", por ter realizado no lugar de San Cibrán-Aldán, as obras de un muro de contención".

Expediente 983/2017. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade urbanística nº 7/2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 983/2017-7/2016, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 13 de setembro do 2018, de T.R.G.B., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 983/2017-7/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a T.R.G.B., por ter realizado no lugar de Francón-Aldán, as obras de movementos de terras con cambio de rasante".

Expediente 1340/2017. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade urbanística nº 25/2015

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 1340/2017-25/2015, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 4 de xuño do 2018, de M.S.C., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 1340/2017-25/2015.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina



urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M.S.C., por ter realizado no lugar de Nerga-O Hío, as obras de un cerramento e instalación de caravana".

Expediente 689/2017. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade urbanística nº 689/2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 689/2017-6/2017, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 26 de setembro do 2018, de J.D.G, con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 689/2017-6/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a J.D.G, por ter realizado no lugar da Serra de Poente-Darbo, as obras de reconstrución de columnas".

Expediente 1108/2018. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade nº 1108/2018

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 30.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 1108/2018, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 20 de setembro do 2018, de V.G.G, con NIF nº X, procede declarar o arquivo do expediente sancionador por infracción urbanística tramitado co nº 1108/2018.

A sanción foi imposta visto o escrito presentado por V.G.G en data 18.09.2018, no que solicita a redución do 50% da sanción para proceder ao seu pagamento no período voluntario, e no que amosa a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28



de agosto do 2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a V.G.G., por ter realizado no lugar de Balea-Darbo, as obras de un asador e un forno, visto o xustificante de pagamento de data 20 de setembro do 2018, obrante no expediente pola sanción imposta".

Expediente 2364/2017. Proposta de arquivo de sanción en expediente de reposición da legalidade nº 37/2015

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 26.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 2364/2017-37/2015, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 31 de setembro do 2018, de M.C.L.C., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 2364/2017-37/2015.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M.C.L.C., por ter realizado no lugar de Donón-O Hío, as obras de unha edificación de planta baixa de aproximadamente 50 m2".

Expediente 4420/2018. Cancelación e devolución de garantía

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil seiscientos euros (1.600,00 €), depositado pola empresa "LESODA SL", para a execución do contrato de servizo "Contratación das orquestras para a Festa do Cristo 2018".



Concello de Cangas

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 4554/2017. Cancelación e devolución de garantía

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de tres mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e catro céntimos (3.925,64 €), depositado pola empresa "CIVIS GLOBAL SL", para a realización das obras "Actuacións complementarias na piscina municipal".

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 5264/2018. Proposta de resolución para concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución para concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de cento trinta e un euros (131,00 €), a M.T.D.P., con DNI nº X".*

Expediente 5387/2018. Dación de conta de Acordo bilateral da área de rexeneración e renovación urbana do casco antigo e zona ampliada de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 26 de outubro de 2018, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e polo Concello de Cangas, do Acordo da Comisión bilateral da área de rexeneración e renovación urbana do casco antigo e zona ampliada de Cangas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 5403/2018. Proposta do concelleiro de ensino e deporte para aprobación do proxecto de "Renovación das pistas de atletismo de Cangas 2ª Fase (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta de data 02.11.2018 do concelleiro de ensino e deporte, para aprobación do proxecto de "RENOVACIÓN DAS PISTAS DE ATLETISMO DE CANGAS 2ª FASE", que é como segue:

1º.- Vista a necesidade de continuar coa 2ª fase actuación nas instalacións das pistas de Atletismo de Cangas, dado o evidente deterioro destas que imposibilita a práctica deportiva con risco de caídas e lesións.

2º.- Visto o proxecto presentado polo arquitecto técnico J.C.C., técnico que tamén realizou o proxecto da 1ª fase.

3º.- Visto que os clubs de atletismo de Cangas, a comunidade educativa e a concellaría de deportes e ensino requiren dunha solución ao grave problema de seguridade para a práctica deportiva e o uso destas instalacións.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto "RENOVACIÓN DAS PISTAS DE ATLETISMO DE CANGAS -2ª FASE", expediente nº 5403/2018".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850